

ACTA DE ENTREGA POR EL AYUNTAMIENTO DE HERRERA DE NÚÑEZ A LA
EXCMA. DIPUTACION DE LEÓN, A EFECTOS DE REPOBLACION FORESTAL,
DEL MONTE "PENA DOS MONTAÑAS", N.º 26 DEL CATALOGO DE U.P. DE
LA PROVINCIA. - - - - -


En el Palacio Provincial de León, a dos de agosto de mil no-
vecientos cincuenta y siete, se reunieron los señores Presiden-
te y Secretario de la Excma. Diputación y los señores Alcalde y
Secretario del Ayuntamiento de Herrera de Núñez, en nombre de
ambas entidades Oficiales.

El señor Alcalde de Herrera de Núñez, intervenido del se-
ñor Secretario de la Corporación, y en cumplimiento de lo acuer-
dado por la misma en sesión del día veinticuatro de junio de
mil novecientos cincuenta y uno, hizo entrega a la Excma. Dipu-
tación Provincial del monte "PENA DOS MONTAÑAS", n.º 26 del
Catálogo de U.P. de la provincia, a los efectos consignados en
las bases establecidas para el Concurso con el Patrimonio Forog-
tal del Estado, elevadas a escritura pública en cinco de octubre
de mil novecientos cuarenta.

En el proyecto de repoblación y plano adjunto, figuran los
límites de la zona sujeta al concurso, que comprende una super-
ficie total de SEPTECIENTAS TREINTA Y DOS (732) Has.

El monte pertenece a la parroquia de Berceña.

Y para que conste a los efectos precedentes, se extiende la
presente acta por cuadruplicada, suscrita por los señores auto-
res indicados, en representación de los Organismos interesados.



7pm.



Ministerio de Agricultura
Dirección General de Montes, Caza
y Pesca Fluvial
SUBDIRECCION DEL PATRIMONIO
FORESTAL DEL ESTADO

[Handwritten initials]

MAYOR. 83

20. ENERO. 1958

PROVINCIA DE LUGO

3512

13
140
SALIDA

[Vertical handwritten notes on the left margin]

Visto el expediente sobre adhesión del Ayuntamiento de Negueira de Muñiz al consorcio vigente entre el Patrimonio y esa Diputación para la repoblación forestal de 732 Has. del monte Pena Dos Mosqueiros, de la pertenencia de la Parroquia de Barcela, nº 26 del Catálogo, de la provincia de Lugo, y de conformidad con los informes emitidos.

Esta Subdirección ha acordado en fecha 4 de los corrientes su aprobación definitiva.


Lo que comunico a V.S. para su conocimiento y demás efectos.

Dios guarde a V.S. muchos años.
Madrid, 14 de enero de 1958.

EL SECRETARIO,

[Handwritten signature]

Sr. Ingeniero Director del Servicio Forestal de la
Excma. Diputación Provincial de LUGO.





XUNTA DE GALICIA

Consellería de Agricultura, Pesca
e Alimentación

O Director Xeral do Forestal e do
Medio Ambiente Natural

ASUNTO: Convenio del monte en mano común "DE SANTALLA".

La Jefatura Provincial del Servicio de la Producción Forestal de Lugo informa a esta Dirección General lo siguiente:

1º.- Que el monte "DE SANTALLA" fué clasificado como vecinal en mano común, el 7 de Julio de 1.976, de la pertenencia de la Comunidad integrada por los vecinos de Santalla, en el término municipal de Nogueira de Muíís.

2º.- Que la citada Comunidad, en Asamblea General celebrada el 29 de Octubre del año en curso, tomó el Acuerdo de:

- a) proponer a la Consellería de Agricultura, Pesca y Alimentación la firma de un Convenio para 355 Hás. del monte de su pertenencia y
- b) proponer a la Consellería que el Convenio, en la parte que les afecta, anulase y sustituyese a los Consorcios vigentes de los montes "PORTELIA", "PENA DOS MOSQUEIROS" y "SANTALLA Y CANCIO".

3º.- Que el nuevo monte, objeto del Convenio, queda constituido por:

36 Hás. del monte "PORTELIA", LU-2222,
237 Hás. del monte "PENA DOS MOSQUEIROS", LU-2230 y
82 Hás. del monte "SANTALLA Y CANCIO", LU-3299.

4º.- Que al 31 de Diciembre de 1.983, las cuentas de gastos por trabajos e ingresos de los montes consorciados, que parcialmente pasan al Convenio, son:

Monte: "PORTELIA", LU-2222

Gastos.	3.658.927,- Ptas.
Ingresos.	-

Monte: "PENA DOS MOSQUEIROS", LU-2230

Gastos.	5.736.911,- Ptas.
Ingresos.	-

Monte: "SANTALLA Y CANCIO", LU-3299

Gastos.	2.973.606,- Ptas.
Ingresos.	-

5º.- Que teniendo en cuenta las superficies repobladas que de cada uno de los montes van a componer el Convenio, así como los gastos de administración y guardería, a la cuenta de éste pasarán:

del monte "PORTELIA", LU-2222

gastos por trabajos.	1.886.634,- Ptas.
gastos de administración.	148.101,- Ptas.
gastos por guardería.	26.365,- Ptas.
Ingresos.	- .../...

.../...

del monte "PENA DOS MOSQUEIROS", LU-2230

gastos por trabajos.	2.341.647,- Ptas.
gastos de administración.	223.069,- Ptas.
gastos por guardería.	170.660,- Ptas.
Ingresos.	-

del monte "SANTALLA Y CANCIO", LU-3299

gastos por trabajos.	2.230.205,- Ptas.
gastos de administración.	175.071,- Ptas.
gastos por guardería.	35.625,- Ptas.
Ingresos.	-

6º.- Que, en consecuencia, el saldo de la cuenta del Convenio, diferencia de gastos e ingresos, será de 7.737.577,- pesetas.

Conforme con todo ello, esta Dirección General propone a V.E.:

1º.- Que se firme el Convenio del monte "DE SANTALLA".

2º.- Que las características con las que se inscriba dicho Convenio en el Elenco sean:

Nombre: "DE SANTALLA".
Elenco: 2715651.
Superficie: 355 Hás.
Perteneencias: Comunidad de Santalla.
Término municipal: Negueira de Muñis.
A contabilizar como subvención: 50 %
A contabilizar como anticipos: 50 %
Interés sobre el anticipo: 1 %
Participación de la Comunidad en el vuelo creado: 70 %
Participación de la Consellería en el vuelo creado: 30 %

3º.- Que la cuenta inicial de gastos del Convenio se abra con un saldo de 7.737.577,- pesetas, sin perjuicio de los gastos e ingresos que pudieran producirse con posterioridad a la fecha del cierre de las cuentas de los montes que, parcialmente, se han integrado en el Convenio.

4º.- Que se modifique la inscripción en el Elenco del monte - LU-2222, que ha de quedar con las siguientes características:

Nombre: "PORTSALIA".
Elenco: LU-2222.
Superficie: 34 Hás.
Perteneencias: Parroquia de Barcoela.
Término municipal: Negueira de Muñis.

5º.- Que, por pasar al Convenio, de las cuentas de gastos e ingresos del monte, se resten las siguientes cantidades:

Gastos.	1.886.634,- Ptas.
Ingresos.	-

6º.- Que se modifique la inscripción en el Elenco del monte - LU-2230, que ha de quedar con las siguientes características:

Nombre, "PENA DOS MOSQUEIROS".
Elenco: LU-2230.
Superficie: 231 Hás.
Perteneencias: Parroquia de Barcoela.
Término municipal: Negueira de Muñis.

.../...



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Agricultura, Pesca
e Alimentación

O Director Xeral do Forestal e do
Medio Ambiente Natural

.../...

7º.- Que, por pasar al Convenio, de las cuentas de gastos e -
ingresos del monte, se resten las siguientes cantidades:

Gastos.	2.841.647,- Ptas.
Ingresos.	-

8º.- Que se modifique la inscripción en el Flenso del monte -
LU-3299, que ha de quedar con las siguientes características:

Nombre: "SANTALLA Y CANCIO".
 Flenso: LU-3299.
 Superficie: 28 Hás.
 Pertenencia: Parroquia de Barcela.
 Término municipal: Nogueira de Muíis.

9º.- Que, por pasar al Convenio, de las cuentas de gastos e -
ingresos del monte, se resten las siguientes cantidades:

Gastos.	2.230.205,- Ptas.
Ingresos.	-

No obstante V.E. resolverá.

Dios guarde a V.E.

Santiago de Compostela, 14 de Noviembre de 1.984.

EL DIRECTOR GENERAL,



Fdº.: José Luis Abad García-Tuñón.

Hono. Sr. Conselleiro de Agricultura, Pesca y Alimentación.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

.../...

.../...

Visto el Informe favorable de la Dirección General de lo Contencioso de la Xunta de Galicia, he resuelto aprobar, en todos sus términos, la Propuesta de la Dirección General de lo Forestal y del Medio Ambiente Natural y, en consecuencia, proceder a la firma del Convenio del monte "DE SANTALLA".

Santiago de Compostela, 15 de Noviembre de 1.984.
EL CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACION,



Fdo. Fernando Garrido Valenzuela.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA

Dirección Xeral do Forestal e do Medio Ambiente Natural

Edificios Administrativos San Caetano SANTIAGO

04730 MAY 13 1987
REXISTRO PROVINCIAL
LUGO

Sr. Ingeniero Jefe de lo Forestal
Ronda de la Muralla, 134

27071 - LUGO

CONSELLERIA DE AGRICULTURA
Delegación Provincial - LUGO
22 MAYO 1987
REXISTRO ENTRADA N.º 7158

ASUNTO: Convenio del monte en mano común "CANCIO"

Con fecha 12 del mes en curso, el Excmo. Sr. Conselleiro de Agricultura ha tomado la siguiente RESOLUCION:

19.- Aprobar el Convenio del monte de las siguientes características:

Nombre: "CANCIO"
Elenco: 2715716
Superficie: 215 há.
Pertenencia: Comunidad de Cancio
T. Municipal: Negueira de Muñiz
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Interés sobre el anticipo: 1%
Participación de la Comunidad en el vuelo creado: 70%
Participación de la Consellería en el vuelo creado: 30%
Saldo inicial de la cuenta: 2.818.819,- ptas.

20.- Que, en lo sucesivo, las características del monte LU-2230, sean las siguientes:

Nombre: "PENA DOS MOSQUEIROS"
Elenco: LU-2230
Superficie: 163 há.
Pertenencia: Parroquia de Barcela
T. Municipal: Negueira de Muñiz
A restar de su cuenta de gastos: 1.760.418,- pts.
A restar de su cuenta de ingresos: CERO pesetas.

30.- Cancelar el Consorcio del monte "SANTALLA Y CANCIO", LU-3299 de las siguientes características:

Nombre: "SANTALLA Y CANCIO"
Elenco: LU-3299
Superficie: 28 há.
Pertenencia: Parroquia de Barcela
T. municipal: Negueira de Muñiz

Adjunto le remito dos ejemplares de las Bases del Convenio, una para entregar a la Comunidad propietaria y otra para los archivos de esa Jefatura.

Santiago de Compostela, a 13 de Mayo de 1.987

EL DIRECTOR GENERAL,



Manuel Martínez Garrido



RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA DECLARAR A EXTINCIÓN PARCIAL DO CONSORCIO DE REPOBOACIÓN FORESTAL DO MONTE "PENA DOS MOSQUEIROS I AO VII" SUBSCRITO CO CONCELLO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ (LUGO), ELENCO NÚMERO LU-2230, EXPEDIENTE CRF 9/2020.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Con data 28/11/2018 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o escrito dos dous únicos comuneiros da Comunidade do monte de "Barcela" solicitando a cancelación (no ámbito do Monte Veciñal en Man Común de Barcela) do consorcio de repoboación forestal de 04/01/1958, rexistrado con núm. de elenco LU-2230.

Ao respecto do dito consorcio, constan os seguintes antecedentes:

1. O 04/01/1958, foi aprobado o consorcio do monte "Pena dos Mosqueiros I ao VII" LU-2230, suscrito entre o Patrimonio Forestal del Estado e o concello de Negueira de Muñiz, a través da Excm. Diputación Provincial de Lugo, ao abeiro da Lei do 10 de marzo de 1951 de Patrimonio Forestal do Estado. Mediante escritura pública do 24/04/1981 do Notario D. Francisco Cruces Márquez a Deputación queda relevada de tódolos dereitos e obrigas derivadas do consorcio. Dende a súa aprobación ata o 12/05/1987 foron aprobadas 2 modificacións do consorcio orixinal, pasando a ter na actualidade 163 ha.
2. O 28/12/1974 foi clasificado como Monte Veciñal en Man Común (en diante MVMC) o monte "Barcela" (exp. 33/73) de pertenza da Comunidade do MVMC (en diante CMVMC) de Barcela, no concello de Negueira de Muñiz. A superficie actual clasificada é de 193 ha. Este MVMC está afectado por 81,235 ha do consorcio "Pena dos Mosqueiros I ao VII", LU-2230.

Segundo.- Segundo consta na Acta da Asemblea, o 19/11/2018 a CMVMC de Barcela acordou en Asemblea Xeral a rescisión (cancelación) do consorcio coa Administración Forestal en 81,24 ha do ámbito deste MVMC.

Terceiro.- O 04/02/2020 a técnica do Distrito VII "A Fonsagrada – Os Ancares" emite un informe indicando que "o consorcio orixinal conta con 163 ha e ao solicitarse o desconorcio da parte do mesmo a cal se encontra integrada no MVMC de Barcela a superficie resultante, unha vez feito o desconorcio, será de 81,765 ha".

Cuarto.- O 04/02/2020 o Servizo de Montes comprobou e certificou que conforme á disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, **o dito consorcio con número de elenco LU-2230 non ten saldo debedor.**



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, establece no seu artigo 27 que á Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle a competencia exclusiva en materia de montes.

Segunda.- O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, confire aos conselleiros as atribucións relativas aos contratos de asuntos propios da súa consellería. Non obstante, a competencia delegada para ditar esta resolución corresponde á secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural, en virtude do establecido no apartado 2 do artigo 1 da Orde do 17 de novembro de 2015, de delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 223, do 23 de novembro de 2015).

Terceira.- O consorcio asinou se ao abeiro do disposto no artigo 42 da entón vixente Lei 8 de xuño de 1957, de Montes -actualmente derrogada pola disposición derogatoria única da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes-, segundo o cal "*O Estado, a través do Patrimonio Forestal, poderá subscribir e establecer consorcios para a repoboación de montes de propiedade pública ou privada, de acordo co disposto na Lei de 10 de marzo de 1941 (RCL 1941,687)*".

A citada Lei de 10 de marzo de 1941, sobre o Patrimonio Forestal do Estado, establecía no seu artigo 9º que os terreos que constitúen o Patrimonio Forestal do Estado "*a que fai referencia o apartado d) do artigo segundo poderán obterse:*

Primeiro – Por consorcios ou outros convenios cos propietarios que, directamente ou por intermedio de corporacións públicas e temporalmente ou definitivamente aporten ao Patrimonio os seus terreos con o seu reserva de dereitos sobre os mesmos, a fin de obter unha participación nos beneficios que no seu día se obteñan das masas creadas".

En canto á natureza deste negocio xurídico, do previsto no artigo 57 do Regulamento para a aplicación da Lei de 10 de marzo de 1941, aprobado por Decreto de 30 de maio de 1941, se desprende o carácter contractual dos consorcios.

Cuarta.- En canto ao réxime de duración e extinción dos consorcios, cómpre ter en conta en primeiro lugar que malia que a disposición derogatoria única da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes, derrogou a Lei de 8 de xuño de 1957, a disposición adicional primeira mantén a vixencia dos convenios e consorcios de repoboación forestal celebrados ao amparo da lexislación derrogada, ata a data da súa finalización.

Asemade, en canto á duración dos consorcios e as restantes condicións dos mesmos, fronte á regulación do artigo 56 do dito Regulamento -na que se mencionaba a "cesión temporal ou indefinida" dos terreos ao Patrimonio Forestal do Estado-, a Lei de Montes de 1957 recolle no seu artigo 53.2 o carácter necesariamente temporal dos consorcios, ao indicar que "*nas normas regulamentarias para a execución da presente Lei se especificarán as condicións mínimas e técnicas que haberán de conterse nestes consorcios, que se formularán, sempre, con carácter temporal, así como o procedemento que ha de seguirse para o outorgamento das autorizacións que procedan polos Ministerios da Gobernación e de Agricultura*".

Quinta.- A Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, veu derrogar a disposición transitoria novena da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e regular na **disposición transitoria cuarta** a cancelación e finalización dos consorcios e convenios de repoboación forestal existentes no momento da súa entrada en vigor, eliminado o requisito de aprobación previa pola Administración dun instrumento de ordenación ou de xestión con carácter previo á extinción dos ditos



consorcios e convenios:

“Disposición transitoria cuarta. Montes con consorcios ou convenios coa Administración.

1. Os consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes nos montes no momento da entrada en vigor desta lei serán obxecto de:

a) Cancelación de oficio nun prazo que terminará o 31 de decembro de 2021, nos casos seguintes:

- Montes que non presenten saldo debedor na data de entrada en vigor desta lei ou en calquera momento dentro do prazo máximo estipulado.*
- Montes catalogados de dominio público que pasen a xestionarse de acordo co establecido no artigo 34 e seguintes da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.*
- Montes que non consigan os fins para os cales se subscribise o convenio ou o consorcio por causas relacionadas co estado legal, forestal, administrativo ou económico do monte.*

Considerarase que non se cumpriron estes fins, entre outras causas, cando o arborado existente ocupe unha superficie inferior ao 30 % da total do consorcio ou convenio, agás por afectación de incendios forestais posteriormente á data de entrada en vigor desta lei, polo que neste caso de afectación de incendios forestais a superficie arborada queimada considerarase como superficie arborada para os efectos do cómputo desta porcentaxe do 30 %.

Para efectos do cómputo dese 30 % non se contabilizará o arborado cunha idade inferior aos 5 anos.

b) Finalización nun prazo que rematará o 31 de decembro de 2021, momento en que deberá asinarse un contrato temporal de xestión pública que substitúa o consorcio ou o convenio finalizado. No caso de non se formalizar o devandito contrato no prazo establecido, o titular do monte deberá aboar o saldo debedor do convenio ou consorcio finalizado á Comunidade Autónoma; para iso, poderá aboalo nun único pagamento ou a través dun plan de devolución plurianual. No caso de non se producir o aboamento total ou da cota anual disposta no devandito plan, procederase á súa anotación preventiva, en concepto de carga real, das cantidades debidas á Comunidade Autónoma de Galicia no correspondente rexistro da propiedade, e non poderán ter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a súa situación nos termos previstos nesta lei.

(...)

5. As cancelacións referidas no número 1 desta disposición transitoria publicaranse no «Diario Oficial de Galicia» e na páxina web da consellería competente en materia de montes.

(...)

8. Para o cálculo do saldo debedor do convenio ou consorcio non se terán en conta os investimentos e cargos realizados pola Administración forestal con anterioridade ao ano 2005, sen que isto supoña, en ningún caso, a existencia dun saldo favorable ao titular do monte.”

Segundo consta no expediente, polo Servizo de Montes da Xefatura Territorial comprobouse que a contabilidade do consorcio non ten saldo debedor, polo que concorren os requisitos previstos para a cancelación na Lei 9/2017, do 26 de decembro.

Sexta.- Segundo a base 16ª do consorcio, o consorcio *“terá carácter administrativo e todas as cuestións que xurdan acerca do seu cumprimento, rescisión, execución, interpretación e demais incidencias (...), corresponderán á xurisdición administrativa do Ministerio de Agricultura, (...).*

As resolucións deste serán impugnables, mediante recurso de alzada ante o Ministerio de Agricultura”.

Sétima.- O artigo 82.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das



Administracións Públicas, dispón que se poderá prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.

Polo exposto, logo de examinar a solicitude formulada, a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, a Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a Lei de 10 de marzo de 1941, a Lei 8 de xuño de 1957, de Montes, e demais normativa de aplicación, a **Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal PROPÓN** a adopción da seguinte



RESOLUCIÓN

Primeiro.- Declarar a extinción parcial de 81,235 ha do consorcio do monte "Pena do Mosqueiros I ao VII" con número de elenco LU-2230, no ámbito do MVMC de Barcela, con reintegro do dereito de voo ao titular do monte, e sen que a CMVMC teña que aboar cantidade ningunha á Xunta de Galicia por non presentar a contabilidade do consorcio saldo debedor.

Segundo.- Que no sucesivo as características do consorcio do monte "Pena dos Mosqueiros I ao VII", LU-2230, sexan as seguintes:

Nome: Pena dos Mosqueiros I ao VII
Número de elenco: LU-2230
Superficie: 81,765 ha
Pertenza: CMVMC de Barcela e Vilaurín
Concello: Negueira de Muñiz

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados, segundo o previsto nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e publicar o contido da mesma no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería do Medio Rural, de conformidade co disposto na disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano de contratación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación (segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto conforme ao disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2020
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal

Xosé Luís Chan Rodríguez

Vista a anterior proposta de resolución que realiza a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e o informe favorable da Asesoría Xurídica, este centro directivo **ACORDA** darlle a súa aprobación nos seus propios termos.

Santiago de Compostela, **18 FEB. 2020**
O conselleiro do Medio Rural
(P.D. art. 1.2 da Orde do 17/11/2015; DOG núm. 223, de 23/11/2015)
A secretaria xeral técnica

M^a Jesús Lorenzana Somoza